

AULA DE MÚSICA. PROGRAMACIÓN CURSO 2021-2022

INTRODUCCIÓN	2
OBXECTIVOS XERAIS DA E. PRIMARIA REFERENTES Á EDUCACIÓN MUSICAL	4
COMPETENCIAS CLAVE.....	4
BLOQUES DE CONTIDOS DE EDUCACIÓN MUSICAL.....	4
PRIMEIRO NIVEL. 1º TRIMESTRE.....	5
PRIMEIRO NIVEL. 2º TRIMESTRE.....	6
PRIMEIRO NIVEL. 3º TRIMESTRE.....	7
SEGUNDO NIVEL. 1º TRIMESTRE	8
SEGUNDO NIVEL. 2º TRIMESTRE	9
SEGUNDO NIVEL. 3º TRIMESTRE	10
TERCEIRO NIVEL. 1º TRIMESTRE.....	11
TERCEIRO NIVEL. 2º TRIMESTRE.....	12
TERCEIRO NIVEL. 3º TRIMESTRE.....	13
CUARTO NIVEL. 1º TRIMESTRE	14
CUARTO NIVEL. 2º TRIMESTRE	15
CUARTO NIVEL. 3º TRIMESTRE	16
QUINTO NIVEL. 1º TRIMESTRE.....	17
QUINTO NIVEL. 2º TRIMESTRE.....	18
QUINTO NIVEL. 3º TRIMESTRE.....	19
SEXTO NIVEL. 1º TRIMESTRE	20
SEXTO NIVEL. 2º TRIMESTRE	21
SEXTO NIVEL. 3º TRIMESTRE	22
METODOLOXÍA.....	23
RECURSOS.....	25
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	26
TEMAS TRANSVERSAIS.....	27
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	28

INTRODUCCIÓN

O curso escolar 2020-2021 comeza, igual que no curso anterior, marcado pola pandemia provocada polo Covid19, o que obriga a adoptar medidas excepcionais na escola para protexer ao alumnado e a todos os traballadores do centro. Estas medidas son moi similares ás adoptadas o curso pasado polo que a incidencia no desenvolvemento da clase de música será moi similar tendo en conta que xa o curso pasado se traballou a área de xeito excepcional.

Todo o alumnado de primaria, 364 alumnos e alumnas dos seis niveis, distribuídos en tres grupos por nivel (agás primeiro que so ten dous grupos) recibirán clase de Educación Musical durante unha sesión semanal.

O protocolo aplicado para desenvolver as clases e organizar o centro mentres dure a pandemia provoca cambios importantes na vida da escola. As actividades, espazos, horarios e tamén as metodoloxías veranse afectadas no desenrolo habitual das clases e tempos de recreo.

O desenvolvemento da clase de Música seguirá a ter, un ano máis, cambios moi significativos:

Non dispoñemos de aula de música. Nos cursos anteriores as clases realizábanse nun aula específica con material e espazo axeitados para realizar as actividades propostas. No presente curso a profesora acudirá á aula burbulla de cada grupo para impartir a clase. Deste xeito evítanse os desprazamentos do alumnado polos corredores e que grupos diferentes compartan espazos. A aula de música pasará a formar parte do espazo dedicado ao comedor escolar. Non todas as aulas das titorías de primaria contan cunha infraestrutura axeitada para traballar a materia empregando as novas tecnoloxías. Aínda que no curso pasado se solucionaron moitos problemas e se actualizaron algúns equipos, en moitas das aulas os equipos son moi antigos e tardan moito tempo en cargar a información ou as páxinas requiridas. Noutras o equipo de son non funciona axeitadamente ou case non se escoita. Tamén se producen erros na conexión a INTERNET e algúns dos proxectores non amosan imaxes cunha mínima calidade. Se o tempo dalgunhas das sesións queda reducido a 30 minutos efectivos de clase e o ordenador tarda 25 en “arrancar” non é posible realizar ningunha tarefa con esta tecnoloxía. A aula de música dispón dun ordenador portátil, máis non é viable cambiar a configuración do proxector, pantalla ou equipo de son de cada aula durante cada unha das sesións de clase. A aula de informática está unha semana ao mes a disposición da aula de música pero compartida coas demais especialidades (inglés, relixión, educación física e plástica).

Evítanse actividades que requiran achegamento ou interacción física entre o alumnado. Este aspecto incide moito na metodoloxía musical realizada ata antes da pandemia xa que coarta todas as actividades relacionadas coas danzas escolares, danzas tradicionais e expresión corporal. Tamén impide a realización de xogos musicais en grupo e audicións musicais activas a través da expresión corporal, o movemento e a representación teatral.

Non se compartirán materiais, agás dentro do grupo burbulla. No CEIP Castelao a materia de música impártese en galego e sen libros do alumnado. A clase de música empregaba materiais específicos elaborados pola profesora e/ou recompilados de fontes diversas (hai moi pouco material específico en lingua galega). A aula de música dispón dun conxunto de instrumental Orff e diferentes instrumentos e obxectos sonoros aportados polo mestre ou o alumnado. As nenas e nenos non poderán empregar estes materiais xa que non é viable trasladar o conxunto instrumental de aula en aula durante cada sesión e levar a cabo unha desinfección segura antes de cada uso dos instrumentos. Tampouco se fará uso do teclado e do equipo de son instalado na aula de música. Valorárase ao longo do curso as instrucións que vaian chegando dende a Consellería de Educación para compartir materiais dentro dos grupos burbulla.

Na aula ordinaria non é viable gardar a distancia indicada no protocolo para traballar con instrumentos de vento. Ao longo do curso estudárase a opción de baixar ao patio de recreo, nalgunha sesión, co alumnado dos niveis máis altos para retomar o traballo coa fruta doce.

Modifícase o tempo dedicado á sesión de clase. Coa aplicación das medidas adoptadas o tempo da sesión de clase redúcese considerablemente xa que as entradas e saídas da aula fanse en quendas e requírese tempo para realizar as labores de hixiene marcadas no protocolo. As clases impartidas despois do recreo son moi breves, sobre todo a última sesión que algúns casos queda reducida á metade de tempo que debería ter en condicións normais.

O uso da máscara é obrigatorio. Este aspecto limita moitas das actividades relacionadas cos exercicios de respiración, entoación e canto. Tamén limita a relación interpersoal entre os nenos e as nenas, entre a profesora e alumnado así como coarta os criterios de avaliación baseados na observación e escoita directa das producións do alumnado.

A programación de aula concreta os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, segundo a lei vixente, para cada un dos niveis educativos.

A materia de Música na Educación Primaria preséntase en tres bloques de contidos que se traballan de xeito globalizado nas actividades a realizar nas sesións semanais. Debido ás medidas tomadas no centro, seguindo o protocolo, non se poderán realizar moitas das actividades que englobaban os tres bloques de contidos polas razóns explicadas anteriormente.

Traballaremos para acadar os obxectivos de cada nivel mediante audicións musicais, exercicios de linguaxe musical, de percusión corporal e de actividades e xogos realizados coas novas tecnoloxías (naquelas aulas que dispoñan de equipos informáticos axeitados).

O blog da aula de música “Zumzum” continuará coa súa labor informativa e dinamizadora das diversas actividades de aprendizaxe e co blog “Caixa de xogos” seguiremos traballando contidos específicos da materia. Estas dúas ferramentas foron o punto de partida para desenvolver a clase de música durante o confinamento no curso 2019-2020 e tamén durante o curso pasado. A partir do terceiro nivel de primaria realizaremos algunha actividade empregando a Aula Virtual. Aínda son numerosas as familias que so contan cos datos do teléfono móbil para acceder a INTERNET: a materia de música é basicamente práctica e para parte do alumnado é imposible descargar os materiais e actividades online cos medios dos que dispoñen na súa casa.

O feito de ter unha soa sesión semanal de música implica que realice a programación anual de aula de xeito trimestral xa que son moitas as ocasións en que o horario e as actividades programadas semanalmente se ven alteradas ou modificadas por mor doutras actividades que realizan no centro os diferentes grupos.

Dentro do plan de reforzo teremos moi en conta ao alumnado con NEE así como ao procedente do estranxeiro, matriculado por primeira vez no noso centro e que nunca recibiu clase de música ou descoñece o idioma.

Os contidos e obxectivos propostos na programación serán os mesmos tanto se as clases se realizan de xeito presencial ou a distancia. Variarán as actividades de aprendizaxe e criterios de avaliación adaptándose á situación do momento.

No caso de que algún dos grupos clase tivera que confinarse na casa, a aula virtual e o blog de aula serán os medios de comunicación co alumnado para continuar co seu proceso de aprendizaxe. Con respecto ao alumnado que non dispoña de medios para seguir a súa formación dende a casa, seguiremos as directrices que nos indique a Consellería a través da dirección do centro.

Os aspectos comentados nos parágrafos anteriores implican que a programación de aula será dinámica e versátil realizando as modificacións necesarias en función da evolución da pandemia, as necesidades do alumnado e a planificación do Centro.

Na programación que segue márcanse en vermello todos aqueles elementos que, a día de hoxe, non será posible desenvolver atendendo ao protocolo de seguridade sanitario. Con respecto aos demais elementos verase de ir resolvendo segundo aconteza e na espera de indicacións, asesoría e materias que ofrezca a administración educativa.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA REFERENTES Á EDUCACIÓN MUSICAL

(Orde do 23 de xullo de 2014)

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos da Orde do 23 de xullo de 2014, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1ª. Comunicación lingüística (CCL).
- 2ª. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3ª. Competencia dixital (CD).
- 4ª. Aprender a aprender (CAA).
- 5ª. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6ª. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7ª. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

BLOQUES DE CONTIDOS DE EDUCACIÓN MUSICAL

- **Bloque 1. A escoita.** Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- **Bloque 2. A interpretación musical.** O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.
- **Bloque 3. A música, o movemento e a danza.** Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

CONTIDOS**BLOQUE 1: ESCOITA.**

- Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- Representación **corporal** e gráfica de sons de diferentes características.
- Distinción e representación **corporal** ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas
- Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.
- Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para acompañamento de textos, **cancións e danzas**.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.
- Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. • Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dun son ou dunha obra musical (timbre, duración, velocidade, intensidade e carácter).
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. • Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. • Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar pequenas coreografías.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. CECC - CAA. • Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. CCEC • Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Repite esquemas rítmicos escoitados. CCEC • Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. CCEC-CMCCT • Recoñece pequenos esquemas rítmicos con brancas negras e silencio de negra. CCEC CAA-CMCCT
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. CCEC – CSC

CONTIDOS

BLOQUE 1 : ESCOITA

- Calidades do son: timbre duración, altura e intensidade.
- Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.
- Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- Audición de pezas vocais e instrumentais
- Elementos da música: tempo e dinámica.
- Distinción e representación **corporal ou** gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- **Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.**
- Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.
- Iniciación á notación musical e ás grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra
- Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, **cancións e danzas.**
- Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.

BLOQUE 3: A MÚSICA , A DANZA E O MOVEMENTO

- **Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo**
- **Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural • Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. • Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical: (timbre, velocidade, intensidade e carácter)
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. • Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. • Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar pequenas coreografías • Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades. CCEC – CD • Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións así como as opinións dos compañeiros e profesorado. CSC –CCEC • Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. CCEC- CAA • Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. CCEC – CSC • Xoga a pregunta- resposta con motivos melódicos e rítmicos. CAA-CCEC-CMCCT • Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas negras e silencio de negra. CCEC CAA-CMCCT
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. CCEC – CSC • Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. CCEC • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. CCEC

CONTIDOS**BLOQUE 1: ESCOITA**

- Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.
- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).
- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- Forma musical: identificación de repetición e contraste en cancións e obras musicais.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Interpretación e memorización de ladañas e cancións ao unísono.
- Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional
- Selección de sons vocais, **obxectos e instrumentos** para a sonorización de situacións, relatos e imaxes.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- **Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.**
- **Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.**
- **Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. • Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. • Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición • Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación • Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar pequenas coreografías. • Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica voces masculinas e femininas. CCEC • Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público. CCEC • Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. CCL- CCEC • Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. CCL- CCEC • Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. CD- CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. CCEC-CAA • Fai de xeito consciente o proceso da respiración. CAA • Le e interpreta con ritmo ladañas e cancións ao unísono. CCEC-CCL-CMCCT • Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. CCEC-CAA • Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. CCEC-CAA
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. CCEC – CSC • Responde co seu corpo a estímulos sonoros. CCEC • Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. CCEC • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e e mocións. CCEC

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA.

- Calidades do son: timbre duración, altura e intensidade.
- Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- Representación **corporal** e gráfica de sons de diferentes características.
- Distinción e representación **corporal** ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
- Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas
- Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.
- Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para acompañamento de textos, cancións e danzas.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo
- Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. • Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dun son ou dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. • Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. • Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar pequenas coreografías.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. CECC - CAA. • Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. CCEC • Recoñece e discrimina os sons do seu contorno. CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Repite esquemas rítmicos escoitados. CCEC- • Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. CCEC-CMCCT • Recoñece pequenos esquemas rítmicos con brancas negras e silencio de negra. CCEC CAA-CMCCT
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. CCEC – CSC

CONTIDOS

BLOQUE 1 : ESCOITA

- Calidades do son: timbre duración, altura e intensidade.
- **Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.**
- Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- Audición de pezas vocais e instrumentais e Identificación de voces.
- Elementos da música: tempo e dinámica. Pulso e acento.
- Familias instrumentais.
- Distinción e **representación corporal** ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- **Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.**
- Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.
- Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras, corcheas e silencios
- Utilización da percusión corporal e **dos instrumentos de pequena percusión** como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- **Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.**

BLOQUE 3: A MÚSICA , A DANZA E O MOVEMENTO

- **Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo**
- **Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural • Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. • Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter)
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. • Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. • Clasificar instrumentos. • Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar pequenas coreografías • Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades. CCEC – CD • Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións así como as opinións dos compañeiros e profesorado. CSC –CCEC • Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra, corchea. CCEC- CAA • Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. CCEC –CSC • Xoga a pregunta- resposta con motivos melódicos e rítmicos. CAA-CCEC-CMCCT • Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras, corcheas e silencio de negra. CCEC CAA-CMCCT
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. CCEC – CSC • Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. CCEC • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. CCEC

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA

- Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves e de pezas tradicionais.
- Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).
- Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.
- Forma musical: identificación de repetición e contraste en cancións e obras musicais.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con grafías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional
- Selección de sons vocais, **obxectos e instrumentos** para a sonorización de situacións, relatos e imaxes.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- **Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.**
- **Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. Danza tradicional.**
- **Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. • Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. • Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición • Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación • Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar pequenas coreografías. • Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica voces masculinas e femininas. CCEC • Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público. CCEC • Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos. CCL- CCEC • Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. CCL- CCEC • Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. CD- CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. CCEC-CAA • Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. CCEC-CCL-CMCCT • Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. CCEC-CAA • Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. CCEC-CAA.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. CCEC – CSC • Responde co seu corpo a estímulos sonoros. CCEC • Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. CCEC • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. CCEC

CONTIDOS

<p>BLOQUE 1: ESCOITA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición activa de obras musicais de distintas características e procedencias. • Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións. • Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Acento e pulso. <p>BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas. • Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios. • Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito <p>BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. • Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. CCL -CCEC • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais CSC. • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. CCEC –CMCCT.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. CCEC –CAA –CMCCT.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. CCEC – CAA. • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC –CSC

CONTIDOS

<p>BLOQUE 1: ESCOITA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición de obras musicais de distintas épocas e culturas. Asistencia a representacións musicais. • Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano • Compases binarios e ternarios.. <p>BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL</p> <ul style="list-style-type: none"> • Frauta doce: iniciación á dixitación. • Dobre barra e DC. • Ditados rítmicos e melódicos das figuras e notas traballadas. • Improvisación e interpretación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. <p>BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. • Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas
--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. • Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. • Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal . • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais e instrumentos.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. • Interpretar un repertorio básico de danzas de diferentes épocas e culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. CCL –CCEC • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais CSC. • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. CCEC –CMCCT • Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. CCEC -CAA
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. CCEC –CAA –CMCCT • Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. CCEC CSC. • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC.
	<ul style="list-style-type: none"> • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. CCEC –CAA –CMCCT. • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC –CSC

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA

- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e **na asistencia a representacións.**
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).
- Compases binarios e ternarios.
- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Lectura e interpretación **de pezas instrumentais** e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de graffas.
- Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- **Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.**

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- **Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.**
- **Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. • Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. • Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. CSC • Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia. CAA – CCEC. • Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. CCEC -CAA • Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. CCEC CAA • Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura. CCEC - CAA • Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. CCL - CCEC - CAA.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar. CAA • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC • Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. CAA –CD -CCEC
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC –CSC • Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. CCEC –CSC

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA

- Audición activa de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e **na asistencia a representacións**.
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Acento e pulso.
- Instrumentos da orquestra: a súa colocación. Instrumentos tradicionais.

BLOQUE 2 : INTERPRETACIÓN MUSICAL

- **Frauta doce. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.**
- Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios.
- Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito

BLOQUE 3 : A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- **Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.**
- **Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. • <u>Recoñecer instrumentos da orquestra e da música tradicional.</u>
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. CCL -CCEC • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais CSC. • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. CCEC –CMCCT. • Recoñece e clasifica instrumentos da música orquestral e tradicional. CAA - CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. CCEC –CAA –CMCCT.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. CCEC – CAA. • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC –CSC

CONTIDOS

<p>BLOQUE 1: ESCOITA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición e análise de obras musicais de distintas épocas e culturas. Asistencia a representacións musicais. • Elementos musicais. Tempo e matices. • Compases binarios e ternarios.. <p>BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL</p> <ul style="list-style-type: none"> • Frauta doce: interpretación de repertorio axeitado ao nivel. • Dobre barra e DC. • Ditados rítmicos e melódicos das figuras e notas traballadas. • Improvisación e interpretación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. <p>BLOQUE 3 : A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. • Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. • Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. • Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal . • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais e instrumentos.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. • Interpretar un repertorio básico de danzas de diferentes épocas e culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. CCL –CCEC • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais CSC. • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. CCEC –CMCCT • Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. CCEC -CAA
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. CCEC –CAA -CMCCT • Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. CCEC CSC. • Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. CAA –CCEC –CSEE • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. CCEC –CAA –CMCCT. • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC –CSC

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA

- Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
- Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na **asistencia a representacións**.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío, cuarteto, coro, orquestra, banda).
- Compases binarios e ternarios.
- Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Lectura e **interpretación de pezas instrumentais e cancións** sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de graffas.
- Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.
- **Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos**.

BLOQUE 3: A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

- **Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos** fixados ou inventados, procurando unha **progresiva coordinación individual e colectiva**.
- **Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas**.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas. • Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. • Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical. • Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. CSC • Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia. CAA – CCEC. • Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais. CCEC -CAA • Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. CCEC CAA • Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura. CCEC - CAA • Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. CCL - CCEC - CAA.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar. CAA • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC • Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas. CAA –CD -CCEC
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC –CSC • Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. CCEC –CSC

CONTIDOS

<p>BLOQUE 1: ESCOITA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado. Asistencia a representacións musicais. • Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Acento e pulso. • Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores). Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. • Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas binarias, ternarias e rondó. <p>BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reproducción de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Fruta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións. • Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas. • Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. • Ditados melódico-rítmicos sinxelos. <p>BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. • Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Escoar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen • Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz, o corpo ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais e instrumentos.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical respectando as normas durante as audicións. CCL –CCEC • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. CCEC –CCL • Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados así como as variacións e contrastes de intensidade e velocidade tras a escoita de obras musicais. CCEC–CAA –CCL • Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. CCEC –CAA
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. CCEC –CAA • Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula. CCEC -CAA • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. CCEC – CSC • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. CCEC –CAA - CMCCT

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA

- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Acento e pulso..
- Elementos musicais: tempo, matices, formas musicais.
- Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). Instrumentos doutras culturas.
- Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna, etc.).
- Identificación das partes dunha peza musical. Audición activa de obras musicais de diferentes épocas e culturas.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.
- Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.
- Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.
- Invención e construción dun instrumento.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
- Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas e épocas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, clasificándoas atendendo ao estilo musical correspondente e facer unha valoración posterior. • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen • Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. • Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e clasifica de xeito visual e auditivo os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). CCEC –CAA –CCL- CCEC • Procura información, organízala e preséntala sobre a música e os instrumentos doutras épocas e culturas. Elabora unha árbore xenealóxica que recolle os gustos musicais da súa familia. CCEC –CAA • Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. CCEC –CMCCT –CAA • Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada identificando os elementos da linguaxe musical traballados. CCEC -CAA
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. CCEC –CAA • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. CCEC –CD –CAA. • Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. CCEC CAA
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. CCEC –CAA - CMCCT • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC -CMCCT • Coñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. CCEC –CSC

CONTIDOS

<p>BLOQUE 1: ESCOITA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Audición activa de obras de diferentes épocas e culturas. • Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais • Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros/as. • Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras <p>BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reprodución de pezas instrumentais e cancións empregando a fruta doce e os instrumentos da aula. • Gravación e rexistro da interpretación. • Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos <p>BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas. • Creación de coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen • Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. • Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas • Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e entende as normas de comportamento en audicións e representacións musicais respectando as opinións dos compañeiros e compañeiras. CSC • Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. CCEC –CAA -CCL • Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. CCEC • Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. CAA –CD CSIEE • Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. CAA–CSIEE-CSC • Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. CIEE – CCL - CD. • Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos. CCEC – CAA • Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. CAA • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC • Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. CCEC -CAA
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. CCEC –CSC • Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. CCEC- CSC • Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. CSIEE –CAA CMCCT • Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. CSC

CONTIDOS**BLOQUE 1: ESCOITA**

- Audición de música contemporánea e investigación e valoración das posibilidades do son..
- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Acento e pulso.
- Elementos musicais: indicacións de tempo e matices. Compases binarios e ternarios.
- Actitude atenta e silenciosa durante as audicións musicais e **na asistencia a concertos..**

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- **Reproducción de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Fruta doce: dixitación da escala de dó sen alteracións.**
- **Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.**
- **Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.**
- Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- **Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.**
- **Reproducción de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen • Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais e instrumentos.
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical respectando as normas durante as audicións. CCL –CCEC • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. CCEC –CCL • Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados así como as variacións e contrastes de intensidade e velocidade tras a escoita de obras musicais. CCEC–CAA –CCL • Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. CCEC –CAA. • Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións. CSC CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. CCEC –CAA • Crea e representa mediante grafas convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula. CCEC -CAA • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. CCEC - CSC • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. CCEC –CAA - CMCCT

CONTIDOS

BLOQUE 1: ESCOITA

- Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre. Acento e pulso..
- Elementos musicais: tempo, matices, formas musicais.
- Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). Instrumentos doutras culturas.
- Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna, etc.).
- Identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.
- Audición activa de obras musicais de diferentes épocas e culturas.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da escala de dó cunha alteración.
- Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.
- Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.
- Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.
- Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas e épocas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen • Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. • Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e clasifica de xeito visual e auditivo os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). CCEC –CAA –CCL- CCEC • Procura información, organiza e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. CCEC –CAA • Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. CCEC –CMCCT –CAA • Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada identificando os elementos da linguaxe musical traballados. CCEC -CAA
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. CCEC –CAA • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. CCEC -CAA • Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. CCEC –CD –CAA. • Interpreta pezas vocais e instrumentais amosando respecto polo traballo dos demais. CSC – CAA - CCEC
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. CCEC –CAA - CMCCT • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. CCEC -CMCCT • Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. CCEC –CSC

CONTIDOS**BLOQUE 1: ESCOITA**

- Audición activa de obras de diferentes épocas e culturas.
- Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros/as.
- Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións vocais e instrumentais, e rexistros da voz.

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Reprodución de pezas instrumentais e cancións empregando a fruta doce e os instrumentos da aula.
- Gravación e rexistro da interpretación.
- Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes, e eventos musicais de interese.

BLOQUE 3: A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA

- Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
- Creación de coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B1	<ul style="list-style-type: none"> • escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior • Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen • Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. • Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas • Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (Competencias relacionadas)

B1	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións vocais e instrumentais. CCEC –CAA - CCL • Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. CCEC • Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. CAA –CD CSIEE • Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. CAA –CSIEE -CSC • Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. CIEE – CCL - CD. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.CCEC
B2	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos. CCEC – CAA • Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. CAA • Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. CSC • Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. CCEC -CAA
B3	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. CCEC –CSC • Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. CCEC- CSC • Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. CSIEE –CAA CMCCT • Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. CSC

As liñas de acción metodolóxicas a seguir son:

- . Un carácter integrador do proceso de ensinanza – aprendizaxe que provoca o tratamento interrelacionado non só dos contidos que agrupa a área de Artística, senón tamén cos contidos do resto das áreas.
- . A dinámica de actividade e participación, atendendo á propia natureza dos obxectivos e contidos propostos. Consideraranse as actividades como valor esencial na aprendizaxe básica da música, favorecendo o desenvolvemento daquelas situacións que darán lugar á percepción, expresión, reflexión e intercambio de ideas.
- . A motivación, á que se lle dedicará especial atención.
- . A importancia do traballo autónomo verase reflexada na lectoescritura musical e as súas aprendizaxes básicas e na interpretación oral **e instrumental**.
- . Globalización e interdisciplinabilidade.

Con respecto á audición e linguaxe musical, a escoita será necesariamente activa para comprender e diferenciar as organizacións básicas do son (melodía / ritmo), os conceptos musicais básicos, os diferentes timbres e instrumentos

A expresión vocal das capacidades do aparato fonador traballarase a partir da consciencia do propio corpo, da relaxación muscular, da respiración e da articulación.

A expresión instrumental comezará pola percusión corporal, para continuar cos instrumentos da aula (PAI, PAD, instrumentos construídos). A frauta será un elemento de mellora da coordinación dígito -manual, respiración, ritmo e pertenza ó grupo.

Sobre o ritmo e o movemento, as capacidades perceptivo - motoras partirán da expresión corporal e da estruturación do espazo e do tempo; o movemento corporal empregase como recurso mediador da linguaxe musical.

Na educación Musical existen distintas opcións metodolóxicas especialmente interesantes, incidindo cada unha delas nalgún compoñente específico e imprescindible para a formación artística integral. Aproveitaremos todas aquelas achegas de cada unha delas que consideremos de maior utilidade e máis axeitadas. O que si é común a todas elas é o feito de que a aprendizaxe se produce por medio da acción e a experiencia, e que na Educación Musical antes de teorizar sobre a música, se viva e se sinta por medio do corpo: audicións, movementos, cantando, tocando ou improvisando música.

Metodoloxía Dalcroze: “O primeiro instrumento é o corpo” e a percepción sensorial conducirá á interiorización de conceptos musicais básicos (conceptos de tempo - acento – pulso - ritmo – duración – discriminación rítmica e melódica...) O alumnado vivencia a través dos movementos do corpo, **con** ou sen desprazamento, a linguaxe musical, xa que esta vivencia corporal axudaralles a asimilar os diferentes elementos musicais, tanto referidos ao ritmo (pulso, acento, subdivisión do pulso, figuras musicais, síncopas, notas a contratempo, inicios téticos, acéfalos ou anacrúsicos, células e motivos rítmicos...) como á melodía (intervalos, altura sonora, intensidade, timbre dos distintos instrumentos, debuxo melódico ascendente, descendente ou ondulado, tonalidades, modalidades ...)

Ademais, grazas aos movementos, **con** o sen desprazamento, desenvolverán o seu esquema corporal, a estruturación espazo -temporal, a coordinación e disociación de movementos e a lateralidade.

Metodoloxía Kodàly: As achegas desta escola húngara facilitan a introdución da lectura musical. Así mesmo, mediante o solfexo relativo e o **do** móbil poderán aprender calquera canción nunha hipotética tonalidade de Do, xa que realmente estarán entoando noutra tonalidade máis aguda ou máis grave.

A orde de aprendizaxe das notas a partir da terceira menor **sol - mi** considerarámola axeitada, así como a orde en que se deben aprender o resto das notas para facilitar a súa aprendizaxe: engadiranse despois as notas **la, do , re** (formando a escala pentatónica de Do) e logo **fa** (ata aquí serían as notas do pentacordo maior ascendente) **si** e **DO**.

En canto á fononimia (tomada por Kodàly de Curwen), considerámola moi axeitada nos primeiros cursos para aprender o nome das notas e ver a relación entre elas dunha maneira visual.

De Kodàly tamén aproveitaremos a aplicación didáctica que fai das cancións populares e folclóricas, utilizando neste caso a música tradicional galega.

Metodoloxía Orff: Esta proposta globalizadora, integrando aspectos vocais, instrumentais e de movemento corporal, é especialmente motivadora.

A nivel vocal partírase da prosodia rítmica e o canto, ambos fundamentais no traballo da aula. As cancións son formuladas como sucesión de intervalos aprendidos nunha orde fixa : 3ª menor (sol- mi), 2ª maior (la -sol), 3ª maior (do -mi), 5ª xusta (do -sol) e 6ª maior (do -la).

Desde punto de vista corporal, resulta moi enriquecedora tanto polas actividades de improvisación e creación libre, como polas prácticas de danzas e bailes históricos e populares de diferentes culturas.

No que se refire á práctica instrumental, dado que a dotación facilitada pola propia Consellería está composta basicamente por “Instrumentos Orff (Pequena percusión), utilizámoslos moi frecuentemente xa que son motivadores ao tempo que sinxelos na súa interpretación.

Metodoloxía Orff-Wuytack: De Wuytack, discípulo de Orff e moi coñecido en España polos cursos que imparte, tomaremos o concepto de secuenciación da audición con recursos como o musicograma (reproducción plástica da estrutura dunha obra musical mediante símbolos, figuras xeométricas e cores) elaborando ás veces os nosos propios musicogramas dependendo da obra que me interese que escoiten en cada momento.

Tamén utilizaremos algunhas cancións didácticas súas , con ou sen acompañamento instrumental.

Murray Schafer: Este pedagogo canadense aportou unha ampla variedade de actividades e xogos auditivos que permiten descubrir o entorno sonoro, discriminar os elementos das “paisaxes sonoras que habitamos” e as nosas relacións. É un referente no tema audioperceptivo que aporta, ademais, o uso do ruído e dos sons do entorno.

Metodoloxía Willems: Consideramos especialmente útiles as actividades para fomentar “oído interno” e as cancións de intervalos que facilitan a entoación, así coma os xogos de imitación, feitos de xeito natural e espontáneos empregando sílabas onomatopeicas.

Son moi motivadores os instrumentos específicos e xoguetes sonoros que este pedagogo musical propón na súa metodoloxía: frautas de émbolo, tubos sonoros, campaiñas, chocallos, martelos sonoros de plástico...

Metodoloxía Martenot: Do seu método interesa a importancia que lle da ao xogo, así como a proposta de relaxación coa intención de mellorar a actitude no traballo. Martenot busca no alumno esforzos intensos e curtos, contra a concentración prolongada, superficial e pouco satisfactoria. As técnicas do seu método son a imitación, a memorización e os ecos, co fin de espertar as facultades musicais no alumnado.

Método Ward: Este método está enfocado exclusivamente ao canto dos nenos e nenas, xa que considera a voz como o principal dos instrumentos á vez que cre que todos os rapaces e rapazas son capaces de cantar afinadamente cunha formación vocal e auditiva axeitada. Os puntos principais desta metodoloxía musical son o control da voz, a entoación perfectamente afinada e a precisión rítmica. Non se seleccionan as voces, xa que na escola toda voz é válida, aínda que si as clasifica en óptimas, regulares e malas. Usa este método, tamén, unha notación cifrada, correspondendo a unha altura relativa de calquera tonalidade maior. Os sons represéntanse corporalmente e a súa representación gráfica faise por medio de números do 1 ao 7, correspondentes ás 7 notas da escala

Método Elizalde: Luis Elizalde crea un método específico para o alumnado español fundamentado no folclore. Este método non se caracteriza por realizar novas aportacións metodolóxicas senón por ordenar as ideas xa existentes estruturando os contidos en base á canción popular española. O método suxire exercicios progresivos sobre ditados rítmicos, memoria visual e improvisación melódica. Propón a fononimia do pedagogo francés Chevais e os modos tradicionais fuxindo do pentafonismo ao que considera desconectado da música popular española e da realidade da música clásica.

Método Suzuki: Este método ten por filosofía o aprender escoitando: a observación e audición que fai un alumno doutros alumnos, xa iniciados pero da súa mesma idade, serven como motivación. Os seus puntos clave son a repetición como eixe fundamental, aprender o antes posible, independentemente da idade, e integrar a pais e profesores no proceso educativo xa que para S. Suzuki o ser humano é ante todo froito do medio que lle rodea. A metodoloxía Suzuki é moi individual e aínda que os seu logros son grandes e positivos é complicado empregala na escola, aínda así, destacamos deste método que o traballo periódico en grupo está totalmente lonxe de ambientes competitivos e busca a cooperación: o alumno máis avanzado ensina ao que menos sabe.

Finalmente, cabe mencionar as achegas que as novas tecnoloxías proporcionan á práctica educativa. Distintos programas informáticos e Internet, estimulan prácticas novidasas tales como as Webquest, Miniquist, Weblog... que configuran unha didáctica efectiva, gratificante e integradora.

Todos estes elementos metodolóxicos traballáremos tanto en pequenos grupos como no grupo – clase completo, sen descoidar o traballo individual.

O máis salientable é que a aprendizaxe sempre se realiza por medio da experiencia e a actividade.

- Pizarra pautada, pizarra de aula e pizarra dixital.
- Ordenador con lector de CD e DVD
- Equipo de son: reprodutor de CD, mesa de mesturas.
- Discoteca con gravacións de distintas épocas, culturas e zonas xeográficas, contos musicais e outro material sonoro.
- Selección de gravacións en DVD de clips – películas – debuxos animados – Power Point e outros recursos audiovisuais recompilados de Internet.
- **Instrumentación básica:**
- **Son indeterminado:**
 - Madeira:* caixa chinesa, claves maracas, güiro, castañolas, cunchas.....
 - Metal:* triángulo, ferreñas, crócalos, prato, cascabeis, campaiñas.....
 - Membrana:* timbais, pandeiros, pandeiretas...
 - Instrumentos construídos con materiais de refugallo*
 - Xoguetes sonoros e musicais*
- **Son determinado:**
 - Carillóns, metalófonos, xilófonos, frautas doces e frautas de émbolo, teclado, guitarra, tubos sonoros.
- Atril de partituras, diapasón, metrónomo.
- Material de *atrezzo* e disfraces (sombreiros, traxes, máscaras, colares....) para audicións, danzas e expresión corporal
- Pelotas de tenis, plumeiros, panos telas (materiais diversos para exercicios de rítmica e expresión corporal)
- Libros de consulta (historia da música, compositores, instrumentos musicais...)
- Libros de contos con temática musical
- Xogos musicais (naipes musicais, dominós, taboleiros de xogos ...)
- Murais de instrumentos musicais: instrumentos da música popular, familias instrumentais, orquestra...)
- Láminas de Musicogramas en distintos formatos e tamaños.

A avaliación será continua, global, informativa e integradora de todas as áreas.

INSTRUMENTOS:

- Observación sistemática (directa e continua)
- Análise das producións do alumnado.
- Intercambios orais co alumnado.
- Probas específicas.
- Autoavaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Responsabilidade e coidado do material propio, alleo e da aula. Respecto ás normas. Relacionarse positivamente cos compañeiros e compañeiras: 10 %

Asistir á clase **coa fruta nunha funda**, cos materiais requiridos e a libreta coas partituras ordenadas segundo as indicacións feitas na clase.

Ser responsable no uso dos materiais comúns da aula de música (instrumentos, mobiliario, libros...).

Respectar ás normas sendo puntual , entrar e marchar en orde polos corredores sen molestar ás demais aulas, respectar a quenda de palabra, dirixirse aos compañeiros e profesores con respecto...

Escoitar con respecto as producións dos demais. Tratar con respecto a todos os compañeiros **sen discriminar a ninguén á hora de realizar traballos en parellas, pequenos ou grandes grupos (danzas, xogos, grupos Instrumentais...)**

2. Atención, participación e interese nas actividades de aprendizaxe e nas tarefas propostas na aula, voluntarias e obrigatorias. Remate de tarefas e traballos no tempo e condicións establecidos: 50 %

Atender durante as explicacións e preguntar dúbidas.

Participar con interese nas actividades de aprendizaxe e nas tarefas propostas na aula.

Realizar os traballos de caligrafía musical con orde e limpeza.

Rematar as tarefas e traballos propostos na aula no tempo e condicións establecidos previamente.

Realizar as tarefas propostas para a casa.

Tomar conciencia dos erros cometidos e amosar interese por mellorar

3. Probas específicas da área: 40%.

Exercicios de lectura, escritura e interpretación da linguaxe musical estudada.

Expresión instrumental coa fruta e cos instrumentos da aula.

Execución de danzas populares e escolares. Canto en grupo.

Probas orais ou escritas sobre os contidos traballados (linguaxe musical, historia da música, organoloxía, audicións...)

No caso de que o ensino se realice de forma non presencial valorarase cun 50% o apartado 2 e cun 50% o apartado 3.

TEMAS TRANSVERSAIS

A Educación Musical permite afrontar temática transversal dun xeito lúdico, motivador e completamente activo. Entendida deste xeito, os temas transversais forman parte do día a día, integrados no currículo coma un elemento máis da programación. En casos puntuais ou como resposta a situacións e/ou acontecementos concretos, programárase unha actuación específica.

Educación cívica

Baseada no respecto e convivencia cos demais como parte integrante dunha sociedade.

Dende a Educación Musical, traballarase este tema con actividades grupais, nas que se teñan que sentir parte fundamental do grupo (**por exemplo instrumentación de cancións**), valorando o traballo individual e colectivo con fin musical e respectando os gustos musicais dos compañeiros/as. **Tamén con actividades complementarias como asistir a un concerto onde se terán que cumprir unhas normas e pautas de actuación.**

Educación para a paz

Baséase na resolución práctica de conflitos sen agresións, mediante a tolerancia e o respecto.

Desde a Educación Musical, tratarase este tema en traballos grupais nos que a tolerancia é o pilar fundamental. Tamén utilizaremos a audición, **a práctica musical e a danza** para comprender as distintas culturas, aos demais e a nós mesmos, utilizando sobre todo a música dos países de procedencia do alumnado estranxeiro.

Igualdade de oportunidade entre sexos

Baseada en perseguir o desenvolvemento integral da persoa independentemente de que sexa neno ou nena, adquirindo a mesma importancia tanto un como o outro.

En Educación Musical, nas actividades propostas todos os nenos/as participan e cooperan os uns cos outros sen facer ningunha diferenza de sexos, por exemplo, **na realización dunha danza, na que os nenos ocupan o lugar das nenas e viceversa.**

Educación ambiental.

Baseada no respecto e coidado do contorno que nos rodea. En Educación musical traballaremos este tema fomentado unha forma de conciencia da forte invasión sonora que produce o noso contorno e as repercusións negativas do abuso sonoro. Por outro lado, usarase material de refugallo para a construción de instrumentos.

Educación emocional

Descubrir as distintas emocións que podemos sentir, e as relacións emocionais que establecemos con persoas, as que percibimos en distintos lugares e as que condicionan os nosos comportamentos. Recoñecer a música como reflexo das emocións e como transmisora das mesmas.

Educación para a saúde e calidade de vida

Baséase no principio vital de que o neno/a necesita dispoñer de tempo para xogar e divertirse.

A música é unha das opcións de ocio máis empregada na nosa sociedade. A afluencia a concertos, a escoita masiva de música ou a cantidade de xente que domina a técnica dun instrumento como forma de entretemento é unha proba de iso. Fomentaremos ao alumnado seguir practicando algunha actividade musical (canto, tocar algún instrumento, danza) fóra da escola.

Educación para o consumidor

Debemos fomentar unha actitude crítica cara a música, creando criterios de selección respecto ás adquisicións de gravacións, instrumentos e asistencia a espectáculos. Axudarase así ao alumnado a tomar conciencia do feito comercial e controlalo dende as propias opinións e gustos.

Educación vial

Céntrase na importancia de establecer unha serie de normas para a seguridade cidadá. Trataranse os problemas de contaminación sonora e as distraccións que poden ter a súa orixe no uso inadecuado da música mentres circulamos, xa sexa coma peóns (uso inadecuado de auriculares) ou como condutores (volumen alto na radio...).

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste aspecto seguiranse ás indicacións do Departamento de Orientación, as Titorías e a CCP, cunha atención individualizada e específica nos casos que o precisen.

Durante o mes de setembro os profesores tutores informarán ao especialista de música sobre todas aquelas cuestións que consideren relevantes do seu alumnado para poder adaptar as actividades, no caso de ser necesario, ás particularidades de cada alumno.

Na área de Educación Musical, a atención á diversidade é fundamental, xa que un dos procedementos nos que se basea o ensino (práctica vocal, instrumental e corporal) leva consigo un importante porcentaxe de aptitude. Ademais o desenvolvemento das actividades na aula de música provocan a organización do alumnado e os agrupamentos dispares para a realización de diversas tarefas (de creatividade, de improvisación, **coreografías, práctica instrumental ou vocal...**) na procura da inclusión deste alumnado con dificultades no seo dun grupo buscando o equilibrio necesario.

Discapacidade intelectual leve

Presenta desaxustes tanto a nivel cognitivo como social e musical.

Por unha banda, estimularase a autonomía persoal e a motivación, xa que o esforzo que lle supón algunha tarefa fai que se incorpore ás actividades con maior dificultade. Por outra banda, procurarase a utilización de materia visual e manipulable que facilite a comprensión dos conceptos máis complexos.

Alumnado con déficit de atención e hiperactividade

Os expertos aconsellan o dinamismo e as sucesión de actividades breves porque ademais de evitar a monotonía, axudan a este alumnado a manter a atención.

Cando se considere oportuno e para favorecer a integración na clase, a súa autoestima, a súa atención e a súa concentración se lle asignarán tarefas de responsabilidade no grupo como axudantes (relacionadas coas actividades).

Alumnado estranxeiro

Desenvolveranse actividades de acollida nas primeiras sesións (música, **danzas**, cancións, contos, lendas... do seu país de orixe) para darse a coñecer, e tamén actividades cooperativas nas que se fomente o respecto e a integración.

Así mesmo este alumnado tamén irase introducido na nosa cultura a través de cancións e **danzas sinxelas** do noso folclore.

Alumnado con altas capacidades intelectuais

Programación de actividades de ampliación como busca de información sobre diversos compositores o instrumentos, escritura de cancións sinxelas en pentagrama... Promoveranse traballos específicos de investigación e creación musical utilizando as novas tecnoloxías (Programas informáticos, Internet, gravacións Audio e Vídeo).